

o gandeiro deberá identificar individualmente, de forma inequívoca, os animais destinados á reprodución, tanto os de novo ingreso coma no caso de explotacións que realicen a súa propia autorreposición.»

Doce.—Engádesse unha disposición transitoria cuarta co seguinte contido:

«Disposición transitoria cuarta. *Movemento de animais na produción en fases.*

Ata o 1 de xaneiro de 2006, as autoridades competentes, de acordo cun estudo de risco, poderán establecer excepcións ao réxime de movementos previsto no artigo 9.4, sempre e cando o movemento se realice entre explotacións pertencentes a un sistema de produción en fases e o autorice a autoridade competente de destino.

Este estudo de risco consistirá, cando menos, no control, con frecuencia mensual, de porcas reproductoras sentinela, cun tamaño de mostra que permita detectar a presenza ou ausencia de enfermidade, cun intervalo de confianza do 95 por cento e unha prevalencia esperada do 10 por cento (cun máximo de 30 mostras), para demostrar a ausencia de circulación viral.

Os animais sentinela serán seleccionados entre todos os lotes de porcas reproductoras que haxa na explotación.

Estas probas serán por conta do propietario da explotación.»

Trece.—Engádesse, como anexo VII, o que figura no anexo deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro.*

Engádeselle ao artigo 12.1.B) do Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina, unha alínea c) coa seguinte redacción:

«c) A cualificación ou estatuto sanitario das explotacións, de acordo co previsto nas alíneas i), j), k) ou l) do artigo 2 do Real decreto 427/2003, do 11 de abril, polo que se establecen as bases do programa coordinado de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky.»

Disposición derradeira segunda. *Carácter básico.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o disposto no novo punto 6 do artigo 9 do Real decreto 427/2003, do 11 de abril, que entrará en vigor o 1 de xullo de 2005, e o establecido nos novos puntos 5 e 7 do seu artigo 9, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2006.

Dado en Madrid o 25 de febreiro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO

«ANEXO VII

Táboa para a determinación de presenza de enfermidade de acordo cunha prevalencia mínima do 10 por cento ou do 20 por cento

Suposta unha prevalencia do 10 por cento, cun grao de confianza do 95 por cento

Censo total	Censo que se debe controlar
1-15	Todos
16-20	16
21-40	21
41-100	25
101-250	27
251-1.000	28
+ de 1.000	29

Suposta unha prevalencia do 20 por cento, cun grao de confianza do 95 por cento

Censo total	Censo que se debe controlar
1-10	Todos
11-20	10
21-40	11
41-70	12
71-200	13
+ de 200	14».

3240

ORDE APA/431/2005, do 18 de febreiro, pola que se modifican os anexos do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e no da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros. («BOE» 49, do 26-2-2005.)

O Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e no da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, incorporou ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, e as modificacións posteriores, a última das cales foi a Directiva 2004/70/CE, da Comisión, do 28 de abril de 2004, pola que se modifican os anexos I, II, III e IV da Directiva 2000/29/CE do Consello.

Con posterioridade, foi modificada pola Directiva 2004/102/CE da Comisión, do 5 de outubro de 2004, pola que se modifican os anexos II, III, IV e V da Directiva 2000/29/CE do Consello, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

De conformidade coa habilitación establecida na disposición derradeira segunda do citado real decreto,

mediante a presente orde incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2004/102/CE.

Na elaboración da presente disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación dos anexos do Real decreto 58/2005.*

Os anexos II, III, IV e V do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da

Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, quedarán modificados de acordo co disposto no anexo da presente orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día 1 de marzo de 2005.

Madrid, 18 de febreiro de 2005.

ESPINOSA MANGANA

ANEXO

1. Na letra c) da sección I da parte A do anexo II, o punto 4 substituirase polo texto seguinte:

«4. <i>Ceratocystis virescens</i> (Davidson) Moreau	Vexetais de <i>Acer saccharum</i> Marsh., excepto os froitos e sementes, orixinarios de Estados Unidos e Canadá, madeira de <i>Acer saccharum</i> Marsh., incluída a madeira que non conserva a súa superficie redonda habitual, orixinaria de Estados Unidos e Canadá»
---	---

2. Na letra c) da sección II da parte A do anexo II, a columna da dereita do punto 3 substituirase polo texto seguinte:

«Vexetais de *Castanea* Mill. e *Quercus* L., destinados á plantación, excepto as sementes.».

3. Na letra c) da parte B do anexo II, inserírase o punto 01 seguinte antes do punto 1:

«01. <i>Cryphonectria parasitica</i> (Murrill.) Barr.	Madeira, excluída a madeira que foi escascada e a casca illada de <i>Castanea</i> Mill.	CZ, DK, EL (Creta, Lesbos), IRL, S e UK (excepto a Illa de Man) »
---	---	---

4. Na parte A do anexo III suprimírase o punto 4.

5. Na sección I da parte A do anexo IV, os puntos 1.1, 1.2, 1.3, 1.4 e 1.5 substituiranse polo texto seguinte:

<p>«1.1. Estea ou non incluída nos códigos NC da parte B do anexo V, madeira de coníferas (coniferais), excepto da <i>Thuja</i> L., que non sexa madeira en forma de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo obtidos total ou parcialmente desas coníferas - embalaxes de madeira en forma de caixóns, caixas, gaiolas, tambores e envases similares, paletas, caixas e outras plataformas de cargas, colariños para paletas, utilizados para o transporte das mercadorías de todo tipo, - madeira para calzar ou soportar carga que non sexa de madeira - madeira de <i>Libocedrus decurrens</i> Torr, cando existan probas de que a madeira foi tratada ou procesada para lapis por medio dun tratamento térmico adecuado co fin de alcanzar unha temperatura mínima de 82 ° C nun período de sete a oito días, pero incluída a que non conserve a súa superficie redondeada habitual, orixinaria de Canadá, China, Xapón, a República de Corea, México, Taiwán e Estados Unidos, países en que hai presenza de <i>Bursaphelenchus xylophilus</i> (Steiner et Bühner) Nickle et al. 	<p>Declaración oficial de que a madeira foi sometida a un proceso adecuado de:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) tratamento térmico adecuado co fin de alcanzar unha temperatura central mínima de 56 °C, durante 30 minutos polo menos, o que se acreditará estampando a marca <<HT>> na madeira ou na embalaxe segundo o uso comercial en vigor, así como os certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10, ou b) fumigación cun produto aprobado segundo o procedemento comunitario, o que se acreditará indicando nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10, o ingrediente activo, a temperatura mínima da madeira, o índice (g/m³) e o tempo de exposición (h), ou c) impregnación química a presión cun produto aprobado segundo o procedemento comunitario, o que se acreditará indicando nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10 do ingrediente activo, a presión (psi ou kPa) e a concentración (%).
<p>1.2 Estea ou non incluída nos códigos NC da parte B do anexo V, madeira de coníferas (coniferais), excepto a de <i>Thuja</i> L., en forma de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo obtidos total ou parcialmente desas coníferas, <p>orixinaria de Canadá, China, Xapón, a República de Corea, México, Taiwán e Estados Unidos, en caso de que haxa constancia da existencia de <i>Bursaphelenchus xylophilus</i> (Steiner et Bühner) Nickle et al.</p>	<p>Declaración oficial de que a madeira foi sometida a un proceso adecuado de:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) tratamento térmico co fin de alcanzar unha temperatura central mínima de 56° C durante polo menos 30 minutos, o que se indicará nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10, <p>ou</p> <ul style="list-style-type: none"> b) fumigación cun produto aprobado de conformidade co procedemento comunitario, o que se acreditará indicando nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10 o ingrediente activo, a temperatura mínima da madeira, o índice (g/m³) e o tempo de exposición (h).

<p>1.3 Esta ou non incluída nos códigos NC da parte B do anexo V, madeira de <i>Thuja</i> L. que non sexa en forma de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo, - embalaxes de madeira en forma de caixóns, caixas, gaiolas, tambores e envases similares, paletas, paletas caixa e outras plataformas de carga, colariños para paletas, utilizados para o transporte de mercadorías de todo tipo, - madeira para calzar ou soportar carga que non sexa de madeira, <p>orixinaria de Canadá, China, Xapón, a República de Corea, México, Taiwán e Estados Unidos, países en que se ten constancia da existencia de <i>Bursaphelenchus xylophilus</i> (Steiner et Bühner) Nickle et al.</p>	<p>Declaración oficial de que a madeira:</p> <p>a) foi escascada,</p> <p>ou</p> <p>b) foi sometida a un proceso de secado en forno, cun programa adecuado de tempo e temperatura, ata lograr un grao de humidade inferior ao 20 % expresado como porcentaxe de materia seca, o que se acreditará estampando a marca «kiln-dried» ou «K.D.» (secado en forno), ou outra marca recoñecida internacionalmente, na madeira ou na súa embalaxe, segundo o uso comercial en vigor,</p> <p>ou</p> <p>c) foi sometida a un tratamento térmico adecuado co fin de alcanzar unha temperatura central mínima de 56° C durante 30 minutos polo menos, o que se acreditará estampando a marca «HT» na madeira ou na embalaxe de conformidade co uso en vigor, así como nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10,</p> <p>ou</p> <p>d) foi sometida a un proceso adecuado de fumigación cun produto aprobado segundo o procedemento comunitario, o que se acreditará indicando nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10 o ingrediente activo, a temperatura mínima da madeira, o índice (g/m³) e o tempo de exposición (h),</p> <p>ou</p> <p>e) foi sometida a un procedemento adecuado de impregnación química a presión cun produto aprobado segundo o procedemento comunitario, o que se acreditará indicando nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10 o ingrediente activo, a presión (psi ou kPa) e a concentración (%).</p>
<p>1.4 Esta ou non incluída nos códigos NC da parte B do anexo V, madeira de <i>Thuja</i> L., en forma de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo, <p>orixinaria de Canadá, China, Xapón, a República de Corea, México, Taiwán e Estados Unidos, países en que se ten constancia da existencia de <i>Bursaphelenchus xylophilus</i> (Steiner et Bühner) Nickle et al</p>	<p>Declaración oficial de que a madeira:</p> <p>a) foi producida a partir de madeira en rolo escascada,</p> <p>ou</p> <p>b) foi sometida a un proceso de secado en forno, cun programa adecuado de tempo e temperatura, ata lograr un grao de humidade inferior ao 20 %, expresado como porcentaxe de materia seca,</p> <p>ou</p> <p>c) foi sometida a un proceso adecuado de fumigación cun produto aprobado segundo o procedemento comunitario, o que se acreditará indicando nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10 o ingrediente activo, a temperatura mínima da madeira, o índice (g/m³) e o tempo de exposición (h),</p> <p>ou</p> <p>d) foi sometida a un tratamento térmico adecuado co fin de alcanzar unha temperatura central mínima de 56° C durante polo menos 30 minutos, o que se indicará nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10</p>

<p>1.5 Esta ou non incluída nos códigos NC da parte B do anexo V, madeira de coníferas (coniferais), que non sexa madeira en forma de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo obtidos total ou parcialmente desas coníferas, - embalaxes de madeira en forma de caixóns, caixas, gaiolas, tambores e envases similares, paletas, paletas caixa e outras plataformas de carga, colariños para paletas, utilizados para o transporte de mercadorías de todo tipo, - madeira para calzar ou soportar carga que non sexa de madeira, <p>pero incluída a que non conserve a súa superficie redondeada habitual, orixinaria de Rusia, Kazakhistán e Turquía.</p>	<p>Declaración oficial de que a madeira:</p> <p>a) é orixinaria de zonas das que se sabe que están exentas de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Monochamus</i> spp. (especies non europeas). - <i>Pissodes</i> spp. (especies non europeas). - <i>Scolytidae</i> spp. (especies non europeas). <p>A zona indicárase nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10, no punto «Lugar de orixe»,</p> <p>ou</p> <p>b) foi escascada e non ten perforacións causadas por vermes do xénero <i>Monochamus</i> spp. (especies non europeas), definidas, para estes efectos, como aquelas perforacións cuxo diámetro é superior a 3 mm,</p> <p>ou</p> <p>c) foi sometida a un proceso de secado en forno, cun programa adecuado de tempo e temperatura, ata lograr un grao de humidade inferior ao 20 %, expresado como porcentaxe de materia seca, o que se acreditará estampando a marca «kiln-dried» ou «K.D.» (secado en forno) ou outra marca recoñecida internacionalmente na madeira ou na súa embalaxe, segundo o uso comercial en vigor,</p> <p>ou</p> <p>d) foi sometida a un tratamento térmico adecuado co fin de alcanzar unha temperatura central mínima de 56° C durante 30 minutos polo menos, o que se acreditará estampando a marca «HT» na madeira ou na embalaxe, segundo o uso comercial en vigor, así como nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10,</p> <p>ou</p> <p>e) foi sometida a un proceso adecuado de fumigación cun produto aprobado segundo o procedemento comunitario, o que se acreditará indicando nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10 o ingrediente activo, a temperatura mínima da madeira, o índice (g/m³) e o tempo de exposición (h),</p> <p>ou</p> <p>f) foi sometida a un procedemento adecuado de impregnación química a presión cun produto aprobado segundo o procedemento comunitario, o que se acreditará indicando nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10 o ingrediente activo, a presión (psi ou kPa) e a concentración (%).</p>
<p>1.6 Esta ou non incluída nos códigos NC da parte B do anexo V, madeira de coníferas (coniferais), que non sexa madeira en forma de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo obtidos total ou parcialmente desas coníferas, 	<p>Declaración oficial de que a madeira:</p> <p>a) foi escascada e non ten perforacións causadas por vermes do xénero <i>Monochamus</i> spp. (especies non europeas), definidas, para estes efectos, como aquelas perforacións cuxo diámetro é superior a 3 mm,</p>

<p>- embalaxes de madeira en forma de caixóns, caixas, gaiolas, tambores e envases similares, paletas, paletas caixa e outras plataformas de carga, colariños para paletas, utilizados para o transporte de mercadorías de todo tipo,</p> <p>- madeira para calzar ou soportar carga que non sexa de madeira,</p> <p>pero incluída a que non conserve a súa superficie redondeada habitual, orixinaria de países terceiros, salvo de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Rusia, Kazakhistán e Turquía, - países europeos, - Canadá, China, Xapón, a República de Corea, México, Taiwán e Estados Unidos, países en que se ten constancia da existencia de <i>Bursaphelenchus xylophilus</i> (Steiner et Bühner) Nickle et al 	<p>ou</p> <p>b) foi sometida a un proceso de secado en forno, cun programa adecuado de tempo e temperatura, ata lograr un grao de humidade inferior ao 20 % expresado como porcentaxe de materia seca, o que se acreditará estampando a marca «kiln-dried» ou «K.D.» (secado en forno), ou outra marca recoñecida internacionalmente, na madeira ou na súa embalaxe, segundo o uso comercial en vigor,</p> <p>ou</p> <p>c) foi sometida a un proceso adecuado de fumigación cun produto aprobado segundo o procedemento comunitario, o que se acreditará indicando nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10 o ingrediente activo, a temperatura mínima da madeira, o índice (g/m³) e o tempo de exposición (h),</p> <p>ou</p> <p>d) foi sometida a un procedemento adecuado de impregnación química a presión cun produto aprobado segundo o procedemento comunitario, o que se acreditará indicando nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10 o ingrediente activo, a presión (psi ou kPa) e a concentración (%),</p> <p>ou</p> <p>e) foi sometida a un tratamento térmico adecuado co fin de alcanzar unha temperatura central mínima de 56° C durante 30 minutos polo menos, o que se acreditará estampando a marca «HT» na madeira ou na embalaxe, segundo o uso comercial en vigor, así como nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10.</p>
<p>1.7 Esta ou non incluída nos códigos NC da parte B do anexo V, madeira en forma de labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo, obtida total ou parcialmente a partir de coníferas (coniferais) orixinaria de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Rusia, Kazakhistán e Turquía, - Países non europeos, excepto Canadá, China, Xapón, a República de Corea, México, Taiwán e Estados Unidos, relación cos que se ten constancia da existencia de <i>Bursaphelenchus xylophilus</i> (Steiner et Bühner) Nickle et al. 	<p>Declaración oficial de que a madeira:</p> <p>a) é orixinaria de zonas das que se sabe que están exentas de:</p> <ul style="list-style-type: none"> -<i>Monochamus</i> spp. (especies non europeas). -<i>Pissodes</i> spp. (especies non europeas). -<i>Scolytidae</i> spp. (especies non europeas). <p>A zona indicárase nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10, no punto «Lugar de orixe»,</p> <p>ou</p> <p>b) foi producida a partir de madeira en rolo escascada,</p> <p>ou</p> <p>c) foi sometida a un proceso de secado en forno, cun programa adecuado de tempo e temperatura, ata lograr un grao de humidade inferior ao 20 %, expresado como porcentaxe de materia seca,</p> <p>ou</p>

	<p>d) foi sometida a un proceso adecuado de fumigación cun produto aprobado segundo o procedemento comunitario, o que se acreditará indicando nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10 o ingrediente activo, a temperatura mínima da madeira, o índice (g/m³) e o tempo de exposición (h),</p> <p>ou</p> <p>e) foi sometida a un tratamento térmico adecuado co fin de alcanzar unha temperatura central mínima de 56°C durante polo menos 30 minutos, o que se indicará nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10.»</p>
--	--

6. Na sección I da parte A do anexo IV engadirase o punto 2 seguinte:

<p>«2. Embalaxes de madeira en forma de caixóns, caixas, gaiolas, tambores e envases similares, paletas, paletas caixa e outras plataformas de carga, colariños para paletas, utilizados para o transporte de mercadorías de todo tipo, excepto a madeira bruta dun grosor igual ou inferior a 6 mm, e a madeira transformada ou producida por encolado, calor ou presión, ou por unha combinación destes métodos, orixinaria de países terceiros, excepto de Suíza.</p>	<p>As embalaxes de madeira deberán:</p> <ul style="list-style-type: none"> - estar fabricadas con madeira en rolo escascada, e - axustarse a unha das medidas aprobadas que se especifican no anexo I da publicación nº 15 das Normas internacionais para as medidas fitosanitarias da FAO titulada <i>Directrices para regulamentar a embalaxe de madeira utilizada no comercio internacional</i>, e - levar unha marca que inclúa <ul style="list-style-type: none"> a) o código ISO de dúas letras do país, un código de identificación do produtor e o código da medida aprobada aplicada á embalaxe de madeira na marca que se especifica no anexo II da publicación nº 15 das Normas Internacionais para Medidas Fitosanitarias da FAO titulada <i>Directrices para regulamentar a embalaxe de madeira utilizada no comercio internacional</i>. Á abreviatura da medida aprobada incluída na marca mencionada deberánselle engadir as letras «DB», e b) no caso das embalaxes de madeira fabricadas, reparadas ou recicladas a partir do 1 de marzo de 2005, tamén o logotipo recollido no anexo II das mencionadas normas da FAO. Porén, o requisito non se aplicará temporalmente ata o 31 de decembro de 2007 no caso das embalaxes de madeira fabricadas, reparadas ou recicladas antes do 28 de febreiro de 2005.»
--	---

7. Na sección I da parte A do anexo IV, o punto 2.1 substituirase polo texto seguinte:

<p>«2.1 Madeira de <i>Acer saccharum</i> Marsh., incluída a que non conserve a súa superficie redondeada habitual, que non sexa madeira en forma de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - madeira destinada á produción de chapa - labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo, orixinaria de Estados Unidos e Canadá. 	<p>Declaración oficial de que a madeira foi sometida a un proceso de secado en forno, cun programa adecuado de tempo e temperatura, ata lograr un grao de humidade inferior ao 20 %, expresado como porcentaxe de materia seca, o que se acreditará estampando a marca «kiln-dried» ou «K.D.» (secado en forno), ou outra marca recoñecida internacionalmente, na madeira ou na súa embalaxe, segundo o uso comercial en vigor»</p>
--	---

8. Na sección I da parte A do anexo IV, o punto 2.2 substituirase polo texto seguinte:

<p>«2.2 Madeira de <i>Acer saccharum</i> Marsh destinada á produción de chapa, orixinarias de Estados Unidos e Canadá</p>	<p>Declaración oficial de que a madeira é orixinaria dunha zona da que se sabe que está exenta de <i>Ceratocystis virescens</i> (Davidson) Moreau e está destinada á produción de chapa.»</p>
---	---

9. Na sección I da parte A do anexo IV, o punto 3 substituirase polo texto seguinte:

<p>«3. Madeira de <i>Quercus</i> L. que non sexa madeira en forma de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo, - bocois, cubas, tinas e demais manufacturas de tonelaría e as súas partes, de madeira, incluídas as doelas, sempre e cando existan probas documentais de que a madeira foi producida ou fabricada por medio dun tratamento térmico ata alcanzar unha temperatura mínima de 176° C durante 20 minutos, <p>pero incluída a madeira que non conserve a súa superficie redondeada habitual, orixinaria de Estados Unidos.</p>	<p>Declaración oficial de que a madeira:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) está escadrada, de modo que perdeu a superficie redondeada, ou b) está escascada e o contido en humidade non é superior ao 20 % expresado como porcentaxe de materia seca, ou c) está escascada e foi desinfectada mediante un tratamento apropiado de aire ou auga quente ou d) se se trata de madeira serrada, con ou sen casca residual, foi sometida a un proceso de secado en forno, cun programa adecuado de tempo e temperatura, ata lograr un grao de humidade inferior ao 20 %, expresado como porcentaxe de materia seca, o que se acreditará estampando a marca «kiln-dried» ou «K.D.» (secado en forno), ou outra marca recoñecida internacionalmente, na madeira ou na súa embalaxe, segundo o uso comercial en vigor.»
--	---

10. Na sección I da parte A do anexo IV suprimirase o punto 4.

11. Na sección I da parte A do anexo IV, o punto 5 substituirase polo texto seguinte:

<p>«5. Madeira de <i>Platanus</i> L., excepto a que se presente en forma de labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo, pero incluída a que non conserve a súa superficie redondeada habitual, orixinaria de Estados Unidos ou Armenia</p>	<p>Declaración oficial de que a madeira se someteu a un proceso de secado en forno, cun programa adecuado de tempo e temperatura, ata lograr un grao de humidade inferior ao 20 % expresado como porcentaxe de materia seca, o que se acreditará estampando a marca «kiln-dried» ou «K.D.» (secado en forno), ou outra marca recoñecida internacionalmente, na madeira ou na súa embalaxe, segundo o uso comercial en vigor. »</p>
---	--

12. Na sección I da parte A do anexo IV, o punto 6 substituirase polo texto seguinte:

<p>«6. Madeira de <i>Populus</i> L., excepto a que se presente en forma de labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo, pero incluída a que non conserve a súa superficie redondeada habitual, orixinaria de países do continente americano</p>	<p>Declaración oficial de que a madeira:</p> <ul style="list-style-type: none"> - foi escascada ou - foi sometida a un proceso de secado en forno, cun programa adecuado de tempo e temperatura, ata lograr un grao de humidade inferior ao 20 %, expresado como porcentaxe de materia seca, o que se acreditará estampando a marca «kiln-dried» ou «K.D.» (secado en forno), ou outra marca recoñecida internacionalmente, na madeira ou na súa embalaxe, segundo o uso comercial en vigor.»
---	---

13. Na sección I da parte A do anexo IV, o punto 7 substituirase polo texto seguinte:

<p>«7.1 Estea incluída ou non na lista de códigos NC da parte B do anexo V, madeira en forma de labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo, obtida total ou parcialmente a partir de</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Acer saccharum</i> Marsh., orixinaria de Estados Unidos e Canadá; - <i>Platanus</i> L., orixinaria de Estados Unidos ou Armenia; - <i>Populus</i> L. orixinaria do continente americano 	<p>Declaración oficial de que a madeira:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) foi producida a partir de madeira en rolo escascada, ou b) foi sometida a un proceso de secado en forno, cun programa adecuado de tempo e temperatura, ata lograr un grao de humidade inferior ao 20 % expresado como porcentaxe de materia seca, ou
--	---

	<p>c) foi sometida a un proceso adecuado de fumigación cun produto aprobado segundo o procedemento comunitario, o que se acreditará indicando nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10 o ingrediente activo, a temperatura mínima da madeira, o índice (g/m³) e o tempo de exposición (h),</p> <p>ou</p> <p>d) foi sometida a un tratamento térmico adecuado co fin de alcanzar unha temperatura central mínima de 56°C durante polo menos 30 minutos, o que se indicará nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10.</p>
<p>7.2 Estea incluída ou non na lista de códigos NC da parte B do anexo V, madeira en forma de labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo, obtida total ou parcialmente a partir de <i>Quercus L.</i> orixinaria de Estados Unidos</p>	<p>Declaración oficial de que a madeira:</p> <p>a) foi sometida a un proceso de secado en forno, cun programa adecuado de tempo e temperatura, ata lograr un grao de humidade inferior ao 20 %, expresado como porcentaxe de materia seca,</p> <p>ou</p> <p>b) foi sometida a un proceso adecuado de fumigación cun produto aprobado segundo o procedemento comunitario, o que se acreditará indicando nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10 o ingrediente activo, a temperatura mínima da madeira, o índice (g/m³) e o tempo de exposición (h),</p> <p>ou</p> <p>c) foi sometida a un tratamento térmico adecuado co fin de alcanzar unha temperatura central mínima de 56°C durante polo menos 30 minutos, o que se indicará nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10. »</p>

14. Na sección I da parte A do anexo IV, engadirase o punto 7.3 seguinte:

<p>«7.3 Casca illada de coníferas (coniferais), orixinaria de países non europeos</p>	<p>Declaración oficial de que a casca illada:</p> <p>a) foi sometida a un proceso adecuado de fumigación cun fumigante aprobado segundo o procedemento comunitario, o que se acreditará indicando nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10 o ingrediente activo, a temperatura mínima da madeira, o índice (g/m³) e o tempo de exposición (h),</p> <p>ou</p> <p>b) foi sometida a un tratamento térmico adecuado co fin de alcanzar unha temperatura central mínima de 56° C durante polo menos 30 minutos, o que se indicará nos certificados recollidos no punto 1. b) do artigo 10.»</p>
---	---

15. Na sección I da parte A do anexo IV engadirase o punto 8 seguinte:

<p>«8. Madeira utilizada para calzar ou soportar carga que non sexa de madeira, incluída a que non conserve a súa superficie redondeada habitual, excepto a madeira bruta dun grosor igual ou inferior a 6 mm, e madeira transformada producida por encolado, calor ou presión, ou por unha combinación destes métodos, orixinaria de países terceiros, excepto de Suíza.</p>	<p>A madeira reunirá os seguintes requisitos:</p> <p>a) estará fabricada con madeira en rolo escascada, e</p> <ul style="list-style-type: none"> - responderá a unha das medidas aprobadas que se especifican no anexo I da publicación nº 15 das Normas internacionais para as medidas fitosanitarias da FAO, titulada <i>Directrices para regular a embalaxe de madeira utilizada no comercio internacional</i>, e - incluírá unha marca que mencione, cando menos, o código ISO de dúas letras do país, un código de identificación do produtor e o código da medida aprobada aplicada á embalaxe de madeira na marca que se especifica no anexo II
---	--

	<p>da publicación nº 15 das Normas Internacionais para Medidas Fitosanitarias da FAO, titulada «Directrices para regulamentar a embalaxe de madeira utilizada no comercio internacional». Á abreviatura da medida aprobada incluída na marca mencionada deberán engadírselle as letras «DB»,</p> <p>ou sobre unha base temporal ata o 31 de decembro de 2007.</p> <p>b) estará fabricada a partir de madeira escascada exenta de parasitos e de pegadas de parasitos vivos. »</p>
--	---

16. Na sección I da parte A do anexo IV, o punto 11.1 substituirase polo texto seguinte:

«11.01 Vexetais de <i>Quercus</i> L. excepto os froitos e sementes, orixinarios de Estados Unidos	Sen prexuízo das disposicións aplicables aos vexetais indicados no punto 2 da parte A do anexo III, declaración oficial de que os vexetais son orixinarios de zonas das que se sabe que están libres de <i>Ceratocystis fagacearum</i> (Bretz) Hunt
11.1 Vexetais de <i>Castanea</i> Mill e <i>Quercus</i> L., excepto os froitos e as sementes, orixinarios de países non europeos	Sen prexuízo das disposicións aplicables aos vexetais indicados no punto 2 da parte A do anexo III e no punto 11.01 da sección I da parte A do anexo IV, declaración oficial de que non se detectaron rastros de <i>Cronartium</i> spp. (especies non europeas) no lugar de produción ou nas súas inmediacións desde o comezo do último ciclo vexetativo completo. »

17. No punto 12 da sección I da parte A do anexo IV, o texto da columna da esquerda substituirase polo seguinte:

«12. Vexetais de *Platanus* L., destinados á plantación, excepto as sementes, orixinarios de Estados Unidos ou Armenia.»

18. Na sección II da parte A do anexo IV suprimíranse os puntos 1 e 3.

19. Na parte B do anexo IV engadírase o punto 6.3 seguinte:

«6.3. Madeira de <i>Castanea</i> Mill	<p>a) A madeira estará escascada ou</p> <p>b) Declaración oficial de que a madeira:</p> <p>i) é orixinaria de zonas das que se sabe que están exentas de: <i>Cryphonectria parasitica</i> (Murrill) Barr., ou</p> <p>ii) foi sometida a un proceso de secado en forno, cun programa adecuado de tempo e temperatura, ata lograr un grao de humidade inferior ao 20 % expresado como porcentaxe de materia seca, o que se acreditará estampando a marca «kiln-dried» ou «K.D.» (secado en forno), ou outra marca recoñecida internacionalmente, na madeira ou na súa embalaxe, segundo o uso comercial en vigor</p>	CZ, DK, EL (Creta, Lesbos), IRL, S e UK (excepto a Illa de Man).»
---------------------------------------	--	---

20. No punto 14.1 da parte B do anexo IV, na columna central, suprimíranse as palabras «Sen prexuízo das prohibicións aplicables á casca enumeradas no punto 4 da parte A do anexo III».

21. Nos puntos 14.2, 14.3, 14.4, 14.5 e 14.6 da parte B do anexo IV, na columna central, suprimíranse as palabras «no punto 4 da parte A do anexo III».

22. Na parte B do anexo IV engadirase o punto 14.9 seguinte:

«14.9. Casca illada de <i>Castanea Mill</i>	Declaración oficial de que a casca illada: a) é orixinaria de zonas das que se sabe que están exentas de: <i>Cryphonectria parasitica</i> (Murrill) Barr. ou b) foi sometida a un proceso de fumigación ou a outro tratamento adecuado contra <i>Cryphonectria parasitica</i> (Murrill) Barr. cun produto aprobado de conformidade co procedemento comunitario, o que se acreditará indicando nos certificados recollidos no punto 1.b) do artigo 10 o ingrediente activo, a temperatura mínima da casca, o índice (g/m ³) e o tempo de exposición (h) ».	CZ, DK, EL (Creta, Lesbos), IRL, S e UK (excepto a Illa de Man). »
---	--	--

23. A sección I da parte A do anexo V modificarase como segue:

a) o punto 1.7 substituirase polo texto seguinte:

«1.7. Madeira, no sentido do parágrafo primeiro do punto 2 do artigo 2, sempre e cando:

- a) se obtivese, na súa totalidade ou en parte, de *Platanus L.*, incluída a madeira que non conservou a súa natural superficie redondeada
- e
- b) corresponda a algunha das seguintes designacións da parte 2 do anexo I do Regulamento (CEE) nº 2658/87 do Consello, do 23 de xullo de 1987, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística e ao arancel aduaneiro común:

Código NC	Designación da mercadoría
4401 10 00	Leña, en anacos, achas, leña miúda, feixes de garamata ou formas similares
4401 22 00	Madeira de plantas distintas das coníferas, en plaquiñas ou partículas
ex 4401 30 90	Desperdicios e refugallo de madeira (distintos das serraduras), sen aglomerar en forma de bólas, briquetas, achas ou formas similares
4403 10 00	Madeira en bruto, mesmo escascada, sen sámago ou escadrada, tratada con pintura, tinguidura, creosota ou outros axentes de conservación.
ex 4403 99	Madeira distinta da de coníferas (que non sexa madeira tropical recollida na nota de subpartida 1 do capítulo 44, ou outra madeira tropical, de carballo (<i>Quercus</i> spp.) ou de faia (<i>Fagus</i> spp.)), en bruto, mesmo escascada, sen sámago ou escadrada, non tratada con pintura, tinguidura, creosota ou outros axentes de conservación
ex 4404 20 00	Rodrigas fendidas procedentes de vexetais distintos das coníferas; estacas e estaquiñas de madeira, apuntadas sen serrar lonxitudinalmente
ex 4407 99	Madeira distinta da de coníferas (que non sexa madeira tropical recollida na nota de subpartida 1 do capítulo 44, ou outra madeira tropical, de carballo (<i>Quercus</i> spp.) ou de faia (<i>Fagus</i> spp.)), madeira serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, mesmo cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesor superior a 6 mm; »

b) suprimírase o punto 1.8.

24. A sección II da parte A do anexo V modificarase como segue:

a) o punto 1.10 substituirase polo texto seguinte:

«1.10. Madeira, no sentido do parágrafo primeiro do punto 2 do artigo 2, sempre e cando:

- a) se obtivese total ou parcialmente de
- coníferas (coniferais), excepto a madeira escascada;
 - *Castanea* Mill., excepto a madeira escascada;
- e
- b) responda a algunha das seguintes designacións que figuran na parte 2 do anexo I do Regulamento (CEE) nº 2658/87 do Consello:

Código NC	Designación da mercadoría
4401 10 00	Leña, en anacos, achas, leña miúda, feixes de garamata ou formas similares
4401 21 00	Madeira de coníferas en plaquiñas ou partículas
4401 22 00	Madeira de vexetais distintos das coníferas, en plaquiñas ou partículas
ex 4401 30	Desperdicios e refugallo de madeira (excepto as serraduras), sen aglomerar en forma de bólas, briquetas, achas ou formas similares
ex 4403 10 00	Madeira en bruto, non escascada, sen sámo ou escadrada, tratada con pintura, tinguidura, creosota ou outros axentes de conservación
ex 4403 20	Madeira de coníferas, en bruto, mesmo escascada, sen sámo ou escadrada, que non foi tratada con pintura, tinguidura, creosota ou outros axentes de conservación.
ex 4403 99	Madeira distinta da de coníferas (que non sexa madeira tropical recollida na nota de subpartida 1 do capítulo 44, ou outra madeira tropical, de carballo (<i>Quercus</i> spp.) ou de faia (<i>Fagus</i> spp.)), en bruto, mesmo escascada, sen sámo ou escadrada, non tratada con pintura, tinguidura, creosota ou outros axentes de conservación.
ex 4404	Rodrigas fendidas: estacas e estaquiñas de madeira, apuntadas sen serrar lonxitudinalmente
4406	Travesas (dormentes) de madeira para vías férreas ou similares
4407 10	Madeira de coníferas, serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, mesmo cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesor superior a 6 mm
ex 4407 99	Madeira distinta da de coníferas (que non sexa madeira tropical recollida na nota de subpartida 1 do capítulo 44, ou outra madeira tropical, de carballo (<i>Quercus</i> spp.) ou de faia (<i>Fagus</i> spp.)), serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, mesmo cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesor superior a 6 mm; »

b) o punto 1.11 substituirase polo texto seguinte:

«1.11. Casca illada de *Castanea* Mill. e coníferas (coniferais)».

25. No punto 2 da sección I da parte B do anexo V, o terceiro guión substituirase polo texto seguinte:
«— *Acer saccharum* Marsh., orixinaria de Estados Unidos e Canadá».

26. No punto 5 da sección I da parte B do anexo V, o primeiro guión substituirase polo texto seguinte:
«— coníferas (coniferais), orixinarias de países non europeos».

27. O punto 6 da sección I da parte B do anexo V substituirase polo texto seguinte:

«6. Madeira, no sentido do parágrafo primeiro do punto 2 do artigo 2, sempre e cando:

- a) se obtivese na súa totalidade ou en parte das ordes, xéneros e especies que se enumeran a continuación, excepto as embalaxes de madeira recollidas no punto 2 da sección I da parte A do anexo IV:
- *Quercus* L., incluída a madeira que non conserve a súa superficie redondeada habitual, orixinaria de Estados Unidos, excepto a que responda á designación da letra b) do código NC 4416 00 00 e sempre e cando existan probas documentais de que a madeira foi sometida a un tratamento térmico a unha temperatura mínima de 176° C durante 20 minutos;
 - *Platanus*, incluída a madeira que non conserve a súa superficie redondeada habitual, orixinaria de Estados Unidos ou Armenia;
 - *Populus* L., incluída a madeira que non conserve a súa superficie redondeada habitual, orixinaria de países do continente americano;

- *Acer saccharum* Marsh., incluída a madeira que non conserve a súa superficie redondeada habitual, orixinaria de Estados Unidos e Canadá;
- Coníferas (coniferais), incluída a madeira que non conserve a súa superficie redondeada habitual, orixinaria de países non europeos, Kazakhistán, Rusia e Turquía;

e

- b) corresponda a algunha das seguintes designacións da parte 2 do anexo I do Regulamento (CEE) nº 2658/87 do Consello:

Código NC	Designación da mercadoría
4401 10 00	Leña, en anacos, achas, leña miúda, feixes de garamata ou formas similares
4401 21 00	Madeira de coníferas, en plaquiñas ou partículas
4401 22 00	Madeira de vexetais distintos das coníferas, en plaquiñas ou partículas
4401 30 10 ex 4401 30 90	Serraduras Outros desperdicios e refugallo de madeira, sen aglomerar en forma de bólas, briquetas, achas ou formas similares
4403 10 00	Madeira en bruto, mesmo escascada, sen sámago ou escadrada, tratada con pintura, tinguidura, creosota ou outros axentes de conservación
4403 20	Madeira de coníferas en bruto, mesmo escascada, sen sámago ou escadrada, que non estea tratada con pintura, tinguidura, creosota ou outros axentes de conservación
4403 91	Madeira de carballo (<i>Quercus</i> spp.) en bruto, mesmo escascada, sen sámago ou escadrada, que non estea tratada con pintura, tinguidura, creosota ou outros axentes de conservación
ex 4403 99	Madeira distinta da de coníferas (que non sexa madeira tropical recollida na nota de subpartida 1 do capítulo 44, ou outra madeira tropical, de carballo (<i>Quercus</i> spp.) ou de faia (<i>Fagus</i> spp.)), en bruto, mesmo escascada, sen sámago ou escadrada, non tratada con pintura, tinguidura, creosota ou outros axentes de conservación.
ex 4404	Rodrigas fendidas; estacas e estaquiñas de madeira, apuntadas sen serrar lonxitudinalmente
4406	Travesas (dormentes) de madeira para vías férreas ou similares
4407 10	Madeira de coníferas, serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, mesmo cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesor superior a 6 mm
4407 91	Madeira de carballo (<i>Quercus</i> spp.) serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, mesmo cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesor superior a 6 mm
ex 4407 99	Madeira distinta da de coníferas (que non sexa madeira tropical recollida na nota de subpartida 1 do capítulo 44, ou outra madeira tropical, de carballo (<i>Quercus</i> spp.) ou de faia (<i>Fagus</i> spp.)), serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, mesmo cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesor superior a 6 mm
4415	Caixóns, caixas, gaiolas, tambores e envases similares, de madeira; carretes para cables, de madeira; paletas, paletas caixa e demais plataformas para carga, de madeira; colariños para paletas, de madeira
4416 00 00	Bocois, cubas, tinas e demais manufacturas de tonelaría e as súas partes, de madeira, incluídas as doelas
9406 00 20	Construcións prefabricadas de madeira. »

28. O punto 7 da sección II da parte B do anexo V substituirase polo texto seguinte:

«7. Madeira, no sentido do parágrafo primeiro do punto 2 do artigo 2, sempre e cando:

- a) se obtivese total ou parcialmente de coníferas (coniferais), excepto a madeira escascada orixinaria de países terceiros europeos, e *Castanea* Mill., excepto a madeira escascada.

e

- b) responda a algunha das seguintes designacións da parte 2 do anexo I do Regulamento (CEE) nº 2658/87 do Consello:

Código NC	Designación da mercadoría
4401 10 00	Leña, en anacos, achas, leña miúda, feixes de garamata ou formas similares
4401 21 00	Madeira de coníferas, en plaquiñas ou partículas
4401 22 00	Madeira que non sexa de coníferas, en plaquiñas ou partículas
ex 4401 30	Desperdicios e refugallo de madeira (excepto as serraduras), sen aglomerar en forma de bólas, briquetas, achas ou formas similares
4403 10 00	Madeira en bruto, que non estea escascada, sen sámago ou escadrada e tratada con pintura, tinguidura, creosota ou outros axentes de conservación
4403 20	Madeira de conífera en bruto, que non estea escascada, sen sámago ou escadrada e que non estea tratada con pintura, tinguidura, creosota ou outros axentes de conservación
ex 4403 99	Madeira distinta da de coníferas (que non sexa madeira tropical recollida na nota de subpartida 1 do capítulo 44, ou outra madeira tropical, de carballo (<i>Quercus</i> spp.) ou de faia (<i>Fagus</i> spp.)), en bruto, mesmo escascada, sen sámago ou escadrada, non tratada con pintura, tinguidura, creosota ou outros axentes de conservación.
ex 4404	Rodrigas fendidas; estacas e estaquiñas de madeira, apuntadas sen serrar lonxitudinalmente
4406	Travesas (dormentes) de madeira para vías férreas ou similares
4404 10	Madeira de coníferas, serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, mesmo cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesor superior a 6 mm
ex 4407 99	Madeira distinta da de coníferas (que non sexa madeira tropical recollida na nota de subpartida 1 do capítulo 44, ou outra madeira tropical, de carballo (<i>Quercus</i> spp.) ou de faia (<i>Fagus</i> spp.)), serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, mesmo cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesor superior a 6 mm
4415	Caixóns, caixas, gaiolas, tambores e embalaxes similares, de madeira; carretes para cables, de madeira; paletas, paletas caixa e demais plataformas para carga, de madeira; colariños para paletas, de madeira:
9406 00 20	Construcións prefabricadas de madeira.»

29. Na sección II da parte B do anexo V engadirase o punto 9 seguinte:

«9. Casca illada de coníferas (coniferais), orixinaria de países terceiros europeos».